




MEMORIA GRÁFICA E EVIDENCIAS POLOS CREATIVOS

Actividade 0: Serie de actividades iniciais en torno á robótica, programación e deseño:
-Experiencias de traballo colaborativo como as torres de espaguetis,
-Construcción e deseño a través de lápiz 3D, materiais de refugalo,etc.
-Elaboración de materiais e xogos simbólicos en torno a programación e robótica.



<p>Actividade 1:</p>	<p>Elaboración co kit micro:bit Nezha e o kit de Cámara AI, de un robot-arado coa funcionalidade de baixar ou subir o arado segundo as señais indicadoras e de abrir un rego coa utilidade de segue liñas. Esta actividade está vencellada a unha das liñas do proxecto de Polos Creativos e tamen converxe co clube de Ciencias. Ao rematar o proxecto, os grupos realizan unha exposición oral para o resto.</p>	
<p>Actividade 2</p>	<p>Elaboración cos kits Mblocks, de robots anti ratos coa utilidade de identificar ratos a través do sensor de distancia e emitir sinais disuasorias a través de leds, sons e movemento. Ao rematar o proxecto, os grupos realizan unha exposición oral para o resto. Esta actividade está vencellada a unha das liñas do proxecto de Polos Creativos e tamen converxe co clube de Ciencias.</p> <p>Podcast cos contidos:</p> <p>https://studio.youtube.com/playlist/PLDWyqasZ5jEdxA06Ob8BBsDjxdN2jrRq/videos</p>	
<p>Actividade 3</p>	<p>Elaboración con Mblock dun mini-invernadoiro domótico a partires de botellas recicladas, coa utilidade de subir ou baixar en función da luz diurna o invernadoiro que protexe a planta. Esta actividade está vencellada a unha das liñas do proxecto de Polos Creativos e tamen converxe co clube de Ciencias. Ao rematar o proxecto, os grupos realizan unha exposición oral para o resto.</p>	
<p>Actividade 4 + Actividade 5</p>	<p>Elaboración con temporizadores de rego e botellas recicladas de kits de rego automático capaces de verter estratéxicamente a auga polos regos realizados na horta.</p> <p>Creación dun minihorto doméstico e domótico reutilizando un palet da dotación. Empregaronse diferentes enxeños de autorrego ou de eficiencia empregando para iso botellas recicladas, kits micro:bit baseados en sensores de humidade, niveis de auga, sensores de luz, kit mblock, etc.</p>	

<p>Actividade 6</p>	<p>Elaboración co kit de elaboración de chapas, dun agasallo polo día da familia empregando fotos que de xeito colaborativo se realizaron dende a casa. Esta actividade estivo englobada dentro do plan de actividades complementarias e extraescolares, implicou a todo o alumnado, profesorado e familias; e empregouse o espazo provisional de Polos Creativos.</p>	
<p>Actividade 7</p>	<p>Elaboración empregando o croma, recursos audiovisuais e o aro de luz e dispositivos móbiles, dun video sobre un baile holográfico para enviar ao CEIP do Foxo (centro colaborador no proxecto sobre danza inter-centros)</p> <p>https://youtu.be/DVy5OfPE7Sc</p>	
<p>Actividade 8</p>	<p>Creación pro grupos duns vídeos sobre "O Parte meteorolóxico". Esta actividade realizouse en grupos e con tou cos recursos da pantalla dixital, aula virtual, aro iluminado e dispositivo de gravación. O vídeo está directamente vencellado con Polos Creativos e os seus recursos. O alumnado preparou e buscou a información previa así como os mapas a través do portal Meteogalicia. Finalmente preparouse e repartiuse a presentación, gravándose en vídeo.</p> <p>Vídeo Grupo 1: https://www.canva.com/design/DAFkbb7GPy4/G9ygVwS99wrfUilXpYuu9Kg/watch?utm_content=DAFkbb7GPy4&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=publishsharelink</p> <p>Vídeo Grupo 2: https://www.canva.com/design/DAFkkyNMuA/jdhm7J1sL1CFBqBFecrA9g/watch?utm_content=DAFkkyNMuA&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=publishsharelink</p>	

<p>Actividade 9</p>	<p>Elaboración dunha estación meteorolóxica con reciclaxe de botellas. Elaborouse un anemómetro, cataventos e pluviómetro. Instaláronse a carón do horto e fíxose unha monitorización e seguemento das medicións tomadas ao longo do 3º trimestre, complementandoo co proxecto do clube de ciencias.</p>	
<p>Actividade 10</p>	<p>Planificación e posta en marcha polo alumnado da UM1 dunhas xornadas de robótica para o alumnado de EI no espazo Polos da Biblioteca para achegar ao alumnado de EI a través do deseño de pequenos xogos e actividades, dos kits True-True. Diseñáronse catro estacións de xogos-experiencia diferentes e o alumnado de infantil ía rotando por elas.</p>	
<p>Actividade 11</p>	<p>Creación de diversos robots con empregando os kits micro:bit Nezha. Esta actividade foi realizada empregando o espazo provisional de Polos Creativos.</p>	
<p>Actividade 12</p>	<p>Creación de diferentes aplicativos e xogos interactivos empregando os kits tecla-tecla e diferentes materiais non funxibles de refugallo.</p>	
<p>Actividade 13</p>	<p>Creación de diversas maquetas e prototipos de xogos para o proxecto de dinamización do patio mediante os kits de maquinas simples. Esta actividade relacionouse tamén co proxecto de patios activos que se está a desenvolver dende o centro.</p>	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CPI PÍO CABANILLAS GALLAS

Rúa O Castro s/nº - 36518, Dozón-Pontevedra
TFNO:986780472 CORREO-E: ceip.pio.cabanillas@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippiocabanilla>